



**ACTA NÚM. 6 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 14 DE MAIO DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **14 de maio de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)

Dona María Milagros Castro Sánchez

Don Gonzalo Muíños Sánchez

Dona Marta Abal Rodríguez (presente)

Don José Manuel Pichel Patiño

Dona Noa Susana Díaz Varela

Don José Javier Fernández Martínez

Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)

Dona María Angeles Antón Vilasánchez

Don José Antonio Constenla Ramos

Don Evaristo Ben Otero

Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)

Dona Beatriz Cigarrán Vicente

Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez (presente no salón de sesións)

Dona Branca Petra Novo Rey

Don Rafael Peña Vidal

Dona Marta Irene Lois González

Don Jorge Carlos Duarte Vázquez



BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

Punto 1. Ratificación de inclusión dos puntos a tratar na orde do día.

Punto 2. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos da sesión

Punto 3. Dar conta:

- 1) Expediente de liquidación presupuesto 2019
- 2) Informe de verificación de LO Estabilidad Presupuestaria, emitido con ocasión de la liquidación 2019

Punto 4. Proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2020-crext-02 de importe 439.372,10 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019, e o recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar gastos rexistrados na conta 413 e os pagos rexistrados na conta 555.

Punto 5. Proposta de convalidación da resolución da alcaldía de 28-4-2020, en relación a aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2020-crext-03 de importe 1.145.754,55 euros, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019, coa finalidade de atender gasto social ao amparo do réxime excepcional habilitado polo artigo 3 do real decreto lei 8/2020, de 14 de marzo, e de conformidade co previsto no artigo 20 do real decreto lei 11/2020, de 31 de marzo.

Cumpriméntase así:



1. RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN DOS PUNTOS A TRATAR NA ORDE DO DÍA.

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a ratificación de inclusión dos puntos a tratar na orde do día.

2. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS DA SESIÓN.

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

3. DAR CONTA:

1) Expediente de liquidación presupuesto 2019

2) Informe de verificación de LO Estabilidade Presupuestaria, emitido con ocasión da liquidación 2019

Dáse conta ao Pleno da Corporación do decreto da concelleira delegada de economía e facenda de data de 22 de abril do corrente ano, número de rexistro 3019, de liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2019.

Así mesmo, tamén se da conta dos informes de intervención municipal de data 22 de abril do corrente ano (Ref. 232/2020), de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do exercicio de 2019, e complementario do día 6 de maio seguinte (Ref. 279/2020), e que a continuación se transcriben:

Informe (Ref. 232/2020):

“ASUNTO: AVALICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DA DÉBEDA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2019.

Liquidado o Orzamento Xeral do Concello correspondente o ano 2019 e calculadas as magnitudes resultantes da citada liquidación nos termos señalados pola lexislación das facendas locais e a normativa contable de aplicación, debe examinarse igualmente si a execución do orzamento se ten levado a cabo con arranxo o preceptuado na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, e elo en canto que de conformidade co seu artigo 3.1: *la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos e ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de*

esta ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria coherente con la normativa europea.

A tales efectos, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na sua aplicación as Entidades Locais, así como do disposto na citada Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e tamén no artigo 16.4) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 20 de abril, procedese a emitir informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e límite da débeda con motivo da liquidación do Orzamento do exercicio 2019 dista Administración municipal.

1.- NORMATIVA A TOMAR EN CONSIDERACIÓN.

- Artículo 135 da Constitución Española de 1.978
- Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidad e Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, - LOEPYSF -.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenerolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidad Orzamentaria, na sua aplicación as entidades locais, - RLEP-.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRHL -.
- Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, por lo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Lei 6/2018 de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para 2018.
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado as Corporacione Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira para

Corporacions Locais, 3ª edición, IGAE.

- Manual do SEC95 sobre Déficit Público y la Deuda Pública publicado por EUROSTAT.
- Regulamento número 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio (DOCE 26-06-2013), que aproba o SEC 2010.

I INTRODUCCIÓN

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 133 de “*Criterios de la gestión económico-financiera*”, relativo o réxime dos municipios de gran poboación e introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, establece no seu apartado a) que a xestión económico-financieira axustarase o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de conformidade co disposto na lexislación co regula.

Pola sua banda, o artigo 165 do TRLRHL establece que o Orzamento Xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Trala reforma do artigo 135 da Constitución Española de 1978 e a norma ditada no seu desenvolvemento, isto é, a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, - LOESPYSF -, se teñen establecido como obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentatibilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por tal razón, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos e ingresos das Entidades locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade cos artigos 3 e 11 do referido corpo legal.

Asi mesmo, a LOEPYSF veu a xeneralizar o sometemento das Entidades locais a un instrumento de control do incremento dos orzamentos locais por parte do Estado, cal é a denominada Regra de gasto, que esixe a normativa europea. En base a ilo a variación do gasto computable das Corporacións locais non pode superar a tasa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Finalmente o texto legal que vimos citando establece tamén un límite para as Administracións Públicas respecto da súa débeda financeira, de tal xeito que non podera superar o valor de referencia fixado en termos de Producto Interior Bruto.

En apoio distes principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o texto legal que vimos citando ten introducido unha serie de medidas de consolidación fiscal, como son o equilibrio ou superávit estrutural, regra de gasto e límite da ratio da débeda pública sobre o PIB, instrumentos iste de disciplina orzamentaria a cuxa verificación, con ocasión da liquidación do orzamento xeral do exercicio económico do 2019, se orienta o presente informe.

Pois ben, en relación con estes tres instrumentos de disciplina orzamentaria é en aplicación do artigo 15 da LOEPYSF o Consello de Ministros en data de 20 de xullo do 2018, acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e da débeda pública para o conxunto das Administracións Pública e para cada un dos seus subsectores para o período 2019-2021, así como a taxa de referencia de Producto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades locais os seguintes obxectivos:

En cuanto o obxectivo de déficit se contemplou como en acordos anteriores o equilibrio orzamentario en 2019.

En cuanto os obxectivos de débeda para estableceuse unha senda descendente determinandose para o conxunto das Administracións Públicas que a ratio se situara para 2019 no 2,3%.

Finalmente a efectos do cumprimento da regra de gasto se ten establecido a tasa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto de medio prazo da economía española, de tal xeito que a variación do gasto computable nominal das Corporacións locais non pode superar a tasa do 2,7% para o ano 2019.

En concreto, os obxectivos de déficit, é de débeda e a efectos da Regra de Gasto para o sector público local que se estableceron por este acordo do Consello de Ministros de xullo do 2018 se recollen na taboa que se inserta de seguido:

Obxetivos (en porcentaxe do PIB)	2019	2020	2021
Obxectivo de estabilidade orzamentaria Capacidade (+) Necesidade (-) de financiación	0,00%	0,00%	0,00%
Obxectivo de débeda pública	2,30%	2,20%	2,10%
Límite incremento gasto computable (Regra de gasto)	2,70%	2,90%	3,10%

Debemos de indicar que estos obxetivos que non foron obxecto de actualización no ano 2019 si o foron posteriormente polo Congreso dos Diputados, a proposta do Goberno, en sesión de 27 de febreiro e o Senado na súa reunión do día 4 de marzo do actual ano 2020, donde se acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e para cada un dos seus subsectores para o ano 2020 e para o período 2021-2023, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os

efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades locais os seguintes obxectivos:

Obxetivos (en porcentaxe do PIB)	2020	2021	2022	2023
Obxectivo de estabilidade orzamentaria Capacidade (+) Necesidade (-) de financiación	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Obxectivo de débeda pública	2,00%	2,00%	1,90%	1,80%
Límite incremento gasto computable (Regra de gasto)	2,90%	3,00%	3,20%	3,30%

II CARÁCTER DO INFORME

No ámbito do sector público local, o artigo 16 apartado 1 in fine é apartado 2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as Entidades locais, aprobado por el Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, establece que, a Intervención local elevará o Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da Entidade local e os seus entes dependentes, tanto a nivel individual como a nivel consolidado.

Polo tanto tratase dun informe preceptivo e que ten carácter independente, debendose incorporar aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191,3 do TRLRHL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

No presente caso vai referido a última fase do ciclo orzamentario, isto é, a liquidación do documento orzamentario.

Indica a normativa de estabilidade que o interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Actualmente este vén recollido no Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio do 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC2010).

O SEC2010 (anteriormente SEC95) é un sistema de contabilidade nacional de contido exclusivamente económico, e por iso, van ter que axustar as magnitudes orzamentarias (de contido económico, pero tamén xurídico) coa finalidade de aproximarse ao concepto de estabilidade orzamentaria que dimana do citado regulamento comunitario, axustes que se detallarán mais adiante.

No caso de que o resultado da avaliación do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria ou da Regra de Gasto sexa incumprimento, a Entidade deberá formular un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 ds LOEPYSF, que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos citados obxectivos, isto é, o restablecemento do equilibrio.

III ÁMBITO DE APLICACIÓN SUBXECTIVO

De conformidade co establecido no artigo 2.1 da LOEPYSF, o subsector de Corporacións Locais inclúe o conxunto de entidades formado pola entidade principal ou entidade matriz e os seus entes dependentes sectorizados como Administracións Públicas, é dicir, que a maior parte dos seus recursos financeiros non sexan procedentes do mercado.

É dicir, a efectos da LOEPESF forman o perímetro de consolidación, a entidade local e os seus entes dependentes non xeradores de ingreso de mercado.

A estes efectos enténdense por entes dependentes non xeradores de ingresos de mercado, aqueles que desenvolven unha actividade mercantil, ofrecen un ben ou un servizo, pero cuxos ingresos non son quen de cubrir o 50% dos costes de produción.

En calquera caso o artigo 1 do Regulamento de estabilidade orzamentaria (RD 1463/2017) atribúe o Ministerio de Facenda a competencia para formar o inventario de entes do Sector Público Local, e por conseguinte corresponde a dito Ministerio a competencia para formar o inventario de entes do Concello de Santiago de Compostela.

Consultada esta información no inventario de entidades da Oficina Virtual de Entidades Locais (OVEELL) a relación de entes dependentes desta Administración municipal que forman parte do seu marco perimetral a efectos da LOEPYSF a 31 de decembro do 2019, son os seguintes:

1).- Entidades sometidas a orzamento limitativo e sometidas ao Plan Xeral de Contabilidade Pública, incluídas no perímetro de consolidación do Concello de Santiago de Compostela:

- Concello de Santiago de Compostela, entidade matriz.
- Organismo Autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia.

2).- Sociedade mercantil de capital íntegro municipal, INCOLSA, que foi cualificada pola Intervención Xeral da Administración do Estado como ente de non mercado, o que implica a súa consideración como Administración Pública a efectos do Sistema Europeo de Contas, razón pola que a súa capacidade de financiamento, Regra de gasto e endebedamento mídese en termos consolidados coas entidades con orzamento limitativo citadas anteriormente.

3).- Tamen foi cualificada pola IGAE como ente de non mercado e, polo tanto, como Administración Pública a efectos do Sistema Europeo de Contas, a Fundación Refuxio de Animais. Polo que forma parte do perímetro de consolidación os efectos da estabilidade orzamentaria.

A Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (TUSSA) e a sociedade Mercados Centrais de Abastos de Santiago S.A (MERCAGALICIA) de capital íntegro municipal e de carácter mixto, respectivamente, foron sectorizadas pola IGAE como entidades de mercado, polo que non consolidan a efectos de estabilidade orzamentaria.

En definitiva, resulta necesario avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite de débeda, para cada unha das Entidades citadas como integrantes do perímetro e para o conxunto adecuadamente consolidado.

IV OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Primero.- Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria.

Como xa apuntamos anteriormente o artigo 165 do TRLRHL establece que o Orzamento Xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Neste senso o artículo 11.1 dista último texto legal ten vido a establecer que *“la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria”*, significa iso que todas as Administracións Públicas deben presentar equilibrio ou superávit, sen que poidan incurrir en déficit estrutural.

Con todo iso, o Estado e as Comunidades Autónomas poden presentar déficit estrutural en situacións exepcionais taxadas na lei, pero nonj así as Entidades do sector local que

como xa estableceu no seu momento a Constitución – ex artigo 135 – non poden presentar déficit en ningún caso.

En definitiva, a estabilidade orzamentaria vén definida na LOEPYSF para o caso das Entidades do sector público local en idénticos termos que para a Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Seguridade Social, isto é, a estabilidade orzamentaria entendida como a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións Públicas.

Diste xeito as Entidades Locais, os organismos autónomos e resto de entes dependentes de aquelas, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais, suxeitaranse ao principio de estabilidade orzamentaria nos termos sinalados.

No resto de entidades públicas, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das Entidades locais non incluídos no suposto anterior, entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro segundo o plan de contabilidade que lle sea de aplicación.

Segundo.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A aplicación do principio de estabilidade, definida para as corporacións locais como situación de equilibrio ou superávit e computada “*en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais*”, arrastra consecuencias importantes para toda a xestión financeira tanto do conxunto do sector Administracións Públicas como particularmente dos entes locais, e así en efecto da definición dedúcese que o obxectivo perseguido é que os investimentos e os gastos correntes sexan atendidos con ingresos non financeiros, por tanto, os recursos procedentes do endebedamento haberán de financiar por regra xeral adquisición de activos financeiros ou amortización de pasivos financeiros.

Agora ben, como indicamos anteriormente a fixación polo Goberno do obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2019-2021, implica para o sector local, que as entidades que o integran non poden incorrer nunha situación de necesidade de financiamento, polo que a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar valor cero ou positivo.

E iso é así, porque con carácter xeral enténdese por estabilidade orzamentaria a situación de existencia dun equilibrio nas diferentes fases do ciclo orzamentario (orzamentación, execución, liquidación), de tal forma que, se os ingresos non financeiros superan aos gastos non financeiros, teríamos capacidade de financiamento e se o caso fora a inversa, isto é, os gastos non financeiros fosen superiores aos ingresos da mesma natureza estaríamos ante unha situación de necesidade de financiamento, polo que existiría inestabilidade.

É dicir, para a avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, esto e, para o cálculo da variable capacidade de financiación, partese, a nivel consolidado, do saldo orzamentario non financeiro, que ven dado pola diferenza entre los ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) e gastos non financeiros (capítulos 1 a 7), unha vez realizados os axustes derivados da aplicación dos criterios SEC 10, obtendose así o superávit ou déficit en termos de Contabilidade Nacional.

Así en efecto, a estabilidade orzamentaria delimitase en termos de Contabilidade Nacional, é esta aplica os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010) diferentes dos que se empregan no ámbito da contabilidade orzamentaria, o que determina a necesidade de establecer unha equivalencia entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional.

E para elo, para conquistar esta armonización ou equivalencia, para, en definitiva, adecuar a información orzamentaria os criterios establecidos polo SEC-10 faise necesario efectuar unha seire de axustes sobre aquela diferenza entre os ingresos non financeiros e gastos non financeiros que determina a capacidade ou necesidade de financiación.

Para levar a cabo estos axustes se ten editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado o *“Manual de cálculo del déficit en contabilidad nacional adaptado a las Corporaciones locales”* e a *“Nota sobre los cambios metodológicos de aplicación del nuevo SEC 2010 que afectan a las Cuentas de las Administraciones Públicas”*.

De seguido e seguindo o establecido no referido Manual da IGAE, procedemos a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade con motivo da liquidación do exercicio económico do 2019 para cada unha das entidades que conforman o perímetro de consolidación a efectos de estabilidade para finalmente efectuar a avaliación a nivel agregado.

Segundo.- Avaliación do obxectivo de estabilidade na Entidade Matriz.

A liquidación do Orzamento municipal correspondente o exercicio económico do 2019 presenta o seguinte resumo por capítulos, tnato no seu estado de ingresos como de gastos non financeiros, sendo os dereitos recoñecidos netos es obrigas recoñecidas netas as que se indican de seguido:

INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	DRN
	1 Impostos directos	48.057.760,74
	2 Impostos indirectos	4.218.269,81
	3 Taxas e outros ingresos	19.387.748,80
	4 Transferencias correntes	31.014.387,12
	5 Ingresos patrimoniais	-27.218,53
A	TOTAL INGRESOS CORRENTES	102.650.947,94
	6 Enaxenación investimentos reais	414.910,83
	7 Transferencias de capital	3.340.484,62
B	TOTAL INGRESOS OP CAPITAL NON FINANCIEIRAS	3.755.395,45
I = A + B	TOTAL INGRESOS POR OPERACIONS NON FINANCIER.	106.406.343,39

GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	ORN
	1 Gastos de persoal	30.373.195,94
	2 Compra de bens correntes e servizos	42.717.413,81
	3 Gastos financeiros	461.759,27
	4 Transferencias correntes	13.377.680,48
C	TOTAL GASTOS CORRENTES	86.930.049,50
	6 Investimentos reais	6.329.397,29
	7 Transferencias de capital	309.902,17
D	TOTAL GASTOS OP CAPITAL OP NON FINANCIEIRAS	6.639.299,46
II = C + D	TOTAL GASTOS OPERACIÓNS NON FINANCIEIRAS	93.569.348,96
I – II	RESULTADO DAS OPERACIONS NON FINANCIEIRAS	12.836.994,43

Sobre a información anterior – seguindo o Manual de Déficit en Contabilidad Nacional adaptado as Corporacións Locais publicado pola IGAE, consideramos unicamente como principais axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit en contabilidade nacional os seguintes:

Axuste 1.- Rexistro en Contabilidade Nacional de Impostos, Taxas e outros ingresos.

En contabilidade nacional os ingresos fiscais (capítulos de impostos directos, impostos indirectos, taxas e outros ingresos), tanto do exercicio corrente como de exercicios pechados, se imputan segundo un principio de caixa, esto e, en termos de recaudación.

Nembargantes, en contabilidade orzamentaria, estos ingresos se computan no intre en que se recoñece o dereito, que pode ser previo ou simultáneo o cobro, esto e, aplicase o principio do devengo.

O axuste a efectuar vira determinado pola diferenza entre los dereitos recoñecidos pola entidade e a recaudación total en caixa correspondente a ditos ingresos, tanto de orzamento corrente como de pechados.

Si como resultado de axuste o importe dos dereitos recoñecidos netos dos capitulos 1 a 3 do estado de ingreso do orzamento son inferiores o importe da recaudación, tanto de corrente como de pechados, polos mesmos capitulos, se pondrá de manifesto unha maior capacidade de financiación, esto e, un maior ingreso financeiro que determinará un axuste de carácter positivo.

Pola contra na situación inversa, esto e, cando os dereitos recoñecidos sean superiores o importe da recaudación polos referidos capitulos, elo reflectira unha menor capacidade de financiación, esto e, un menor ingreso, polo que procederá un axuste negativo por maior déficit.

Exclúese deste axuste as diferenzas que neste concepto se producen nos tributos cedidos, debido ao tratamento que teñen en contabilidade nacional que, ao ser o mesmo que o adoptado na contabilidade orzamentaria, fai que non sexa preciso este axuste.

Por conseguinte e de acordo co anterior teríamos:

CAPITULO	DRN	RECAUD CORRIENT	RECAUD PECHADOS	TOTAL RECAUD	% RECAUD/ DRN	% AXUSTE	AXUSTE MAIOR DEFICIT	AXUSTE MENOR DÉFICIT
1	45.374.821,99	42.946.228,30	2.355.780,77	45.302.009,07	99,84	0,16	72.812,92	
2	1.838.999,44	1.708.632,15	39.771,09	1.748.403,24	95,07	4,93	90.596,20	
3	19.405.155,14	15.669.978,63	2.726.722,76	18.396.701,39	94,80	5,20	1.008.453,75	
TOTAL	66.618.976,57	60.324.839,08	5.122.274,62	65.447.113,70	98,24	1,76	1.171.862,87	

Esto é, procederá a realización de un axuste negativo por importe de 1.171.862,87 euros.

Axuste 2.- Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

En contabilidade orzamentaria, as Entidades locais imputan no intre en que teñen coñecemento do seu importe, os ingresos procedentes de impostos cedidos, os Capítulos I e II (Impostos Directos e Impostos Indirectos), e o Capítulo IV (Transferencias Correntes), os ingresos procedentes da participación nos tributos do Estado e do Fondo Complementario de Financiación.

Así si o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I, II e IV, é inferior a cantidade satisfeita polo Estado, elo determinará unha maior capacidade de financiación e polo tanto un mayor ingreso non financiero, e polo tanto un axuste positivo.

Pola contra si o importe dos dereitos recoñecidos polos citados capítulos supera a cantidade satisfeita polo Estado, elo determinará unha menor capacidade de financiación e polo tanto un menor ingreso financiero é polo tanto un axuste de sino negativo.

Polo tanto, outro axuste que debe realizarse contiúeo o importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2019 (+)	63.291,24
Devolución liquidación PIE 2009 en 2019 (+)	261.638,16
Liquidación negativa PIE 2017	-83.876,56
TOTAL	241.052,84

Por conseguinte, procederá un axuste positivo (menor déficit) por importe de 241.052,84 euros.

Axuste 3.- Axuste polo tratamento de xuros.

Na contabilidade orzamentaria os xuros se imputan o orzamento no momento do seu vencemento, en tanto que na contabilidade nacional se rexistran as cantidades devengadas durante o exercicio, con independencia de canto se faga efectivo o seu pago.

O axuste a practicas vendrá determinado pola diferenza entre os xuros recoñecidos no orzamento (Capítulo 3) e os xuros devengados.

No suposto de que o importe das obrigas recoñecidas por xuros sexa maior que los intereses devengados procederá un axuste positivo, e no caso contrario é dicir, si o importe das obrigas recoñecidas por xuros resultara menor que os intereses devengados procederá un axuste negativo.

Xuros vencidos 2019	154.732,28
Xuros devengados 2018 e vencidos 2019	10.380,97
Xuros devengados e non vencidos 2019	3.761,37
Xuros devengados 2019	148.112,68
Diferencia vencidos 2019 – Devengados 2019	6.619,60

Procede por conseguinte, un axuste positivo (menor déficit) por importe de 6.619,60 euros

Axuste 4.- Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea.

Cando o beneficiario da subvención resulta ser a propia Entidade local non se produce unha simultaneidade entre a execución do gasto pola Corporación coa remisión da documentación xustificativa do mesmo. Elo ten motivado fixar o intre de recoñecemento dos fondos na contabilidade nacional coa de remisión pola entidade da documentación do gasto realizado.

Con independencia do criterio orzamentario de contabilización aplicado pola entidade local para o rexistro das transferencias comunitarias, o axuste a realizar para o cálculo do déficit en contabilidade nacional virá determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos polos fondos europeos na liquidación orzamentaria e o importe resultante de aplicar a porcentaxe de cofinanciación que corresponda o gasto certificado e remitido.

Para a realización deste axuste solicitaronse respecto dos ingresos producidos no exercicio, as certificacións que os orixinaron e a data da súa remisión á autoridade de xestión. Examinada dita documentación e o estado de execución dos proxectos de gasto correspondente resulta un axust positivo por ista causa por importe de 718.950,98 euros, segundo o seguinte detalle:

PROXECTO	DRN	GASTO CERTIFICAD	COEFICIENTE FINANCIA CION	INGRESO A PERCIBIR	AXUSTE
EDUSI	75.050,94	903.468,58	80,00%	722.774,86	647.723,92
TRAFAIR	20.865,00	0,00	75,00%	0,00	-20.865,00
ATLANTIC SOCIAL LAB	19.139,59	111.171,43	75,00%	83.378,57	64.238,98
TROPA VERDE	35.836,87	51.195,52	70,00%	35.836,86	-0,01
SMARTER TOGETHER	0,00	27.853,09	100,00%	27.853,09	27.853,09
TOTAL	150.892,40				718.950,98

Axuste 5.- Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar o orzamento de gastos da Corporación local.

En contabilidade nacional, o rexistro de obrigas ríxese polo principio do devengo, o que implica o cómputo de calqueira gasto efectivamente realizado con independencia do momento en que teña lugar a súa imputación orzamentaria.

A “Conta 413 *“Acreedores por operaciones devengadas”*”, recolle as operacións derivadas de gastos realizados o bens e servizos recibidos, para os que non se ten producido a súa aplicación o orzamento.

Segundo o principio do devengo, as obrigas rexistradas na “Conta 423”, tamen deerían terse computado no orzamento, e por esa razón resulta necesario practicas iste axuste:

Si o saldo final da conta 413 e menor que o saldo inicial procede realizar un axuste positivo, e viceversa si o saldo final da conta 413 e superior o saldo inicial o axuste será de sino negativo.

Saldo da conta 413 a 1 de xaneiro do 2019	1.774.991,43
Saldo da conta 413 a 31 de decembro do 2019	597.412,88
Variación neta	1.177.578,55

Porcederá polo tanto realizar un axuste de sino positivo de menor déficit por importe de 1.177.578,55 euros.

Axuste 6.- Axustes por devolución de ingresos indebidos pendentes de aplicar ao orzamento.

As devolucíons de ingresos indebidos imputanse o orzamento no momento en que se fan efectivas e non cando se acorda a devolución. Por tal razón procede efectuar un axuste pola variación neta do saldo da conta 418 “Acreedores por devolución de ingresos”.

Saldo da conta 418 a 1 de xaneiro do 2019	932.899,83
Saldo da conta 418 a 31 de decembro do 2019	1.304.916,55
Variación neta	-372.016,72

De donde se deduce a necesidade de efectuar un axuste de sino negativo, esto e, de maior déficit, na contía de 372.016,72 euros.

Axuste 7.- Pagamentos pendentes de aplicar o orzamento.

Tratase de pagos contabilizados extrapresupuestariamente correspondentes a gastos devengados no exercicio en que se produce o pago e pendentes de aplicación o orzamento. O axuste vira determinado pola variación neta do saldo da conta 555 a través da súa divisionaria, entre o inicio e final do exercicio económico.

Saldo da conta 555 a 1 de xaneiro do 2019	41.703,26
Saldo da conta 555 a 31 de decembro do 2019	108.166,68
Variación neta	-66.463,42

Procede por conseguinte un axuste de sino negativo por importe de 66.463,42 euros.

En definitiva, no cadro que se inserta de seguido recollense os cálculos cos axustes correspondentes aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con ocasión da liquidación do exercicio económico do 2018 do organismo autónomo Auditorio de Galicia:

DRN por operacións non financeiras	106.406.343,39
ORN por operacións non financeiras	93.569.348,96
I.- Saldo Orzamentario non financeiro	12.836.994,43
Axustes por recaudación Capitulo 1	-72.812,92
Axustes por recaudación Capitulo 2	-90.596,20
Axustes por recaudación Capitulo 3	-1.008.453,75
Axustes por impostos cedidos e FCF	241.052,84
Axuste por xuros	6.619,60
Axuste por ingresos obtidos da UE	718.950,98
Gastos realizados no exercicio pdtes aplicar	
Orzamento	1.177.578,55
Axuste por devolución ingresos pendentes de aplicar	-372.016,72
Axuste por pagos pendentes aplicar Orzamento	-66.463,42
II.- Total Axustes	533.858,96
III.- Total Capacidade de financiación (I – II)	13.370.853,39

Non obstante os resultados que depara a liquidación dos orzamentos do ano 2019 e todo o anteriormente exposto, considérase conveniente volver efectuar os cálculos da

necesidade de financiamento tendo en conta unha serie de axustes que, aínda que non se atopan expresamente contemplados na normativa de aplicación nin no manual para estes efectos editado pola IGAE, permiten corrixir os resultados obtidos descontando a incidencia da inexecución de gastos con financiamento afectado e da posterior (e obrigada) incorporación de remanentes e, en última instancia, determinar se os ingresos dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos do orzamento foron suficientes no ano 2019 para financiar os gastos efectuados nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, se o orzamento liquidouse, en definitiva, en termos favorables conforme as esixencias da estabilidade orzamentaria.

Poden así practicarse unha serie de axustes teóricos para eliminar a incidencia que tivo a incorporación de remanentes de exercicios anteriores e a execución dos mesmos, así como os proxectos de gastos respecto dos cales se recoñeceu o dereito que financiaba os mesmos sen que se iniciase a execución efectiva dos gastos. Trátase, en última instancia e visto o anterior, de computar sobre os resultados antes calculados as desviacións de financiamento do exercicio.

Conforme os cálculos das desviacións de financiamento que acompañan ao informe desta Intervención á liquidación do exercicio 2019 habería que corrixir a capacidade de financiamento arriba indicado tal e como segue:

Dereitos liquidados Capítulos 1 a 7	106.406.343,39
Obrigas recoñecidas Capítulos 1 a 7	93.569.348,96
Resultado previo axustes	12.836.994,43
Axustes maior déficit	1.425.250,99
Axustes menor déficit	-891.392,03
Capacidade de financiación	13.370.853,39
Axustes DF positivas exercicio (1)	5.735.498,75
Axustes DF negativas exercicio (1)	2.714.548,04
Capacidade de financiación axustada	10.349.902,68

(1)

- *Desviacións de financiamento positivas do exercicio 2019 correspondentes a proxectos de gastos do citado ano en relación cos cales se recoñeceu o dereito do recurso que financiaba o gasto, mentres que a execución deste non se iniciou ou culminou.*
- *Desviacións de financiamento negativas do exercicio 2019 correspondentes a remanentes de créditos de proxectos de anos anteriores incorporados ao exercicio e cuxos ingresos que os financiaban foron recoñecidos nos anos de referencia (e non no ano 2019).*

Visto todo o anteriormente exposto, cun novo cálculo da capacidade/necesidade de financiamento no ano 2019, compróbase como os Orzamentos do pasado exercicio liquidáronse poñendo de manifesto unha capacidade de financiación ou superávit en termos de estabilidade do organismo (eliminándose a incidencia derivada da incorporación e execución de remanentes de exercicios anteriores así como a inexecución no exercicio de proxectos respecto dos cales se recoñeceron os dereitos que os financiaban).

Por conseguinte e a vista dos datos expostos anteriormente se pon de manifesto que a liquidación do orzamento municipal correspondente o exercicio económico do 2019 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida en SEC10, arroxando unha capacidade de financiación ou superávit de estabilidade en términos de SEC10 de 13.454.729,95 euros.

Con todo para os entes que forman parte do mesmo bloque da administración ou, por utilizar a mesma expresión do agora derogado Texto Refundido da Lei de Estabilidade Orzamentaria, - RD Lexislativo 2/2007 de 28 de decembro -, do mesmo grupo de axentes, o obxectivo de estabilidade orzamentaria e “conxunto”, e decir, debe calcularse e delimitarse en termos de consolidación.

Terceiro.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.

Con ocasión da tramitación da liquidación do ano 2019 do OOAA Auditorio de Galicia emitíuse informe por ista Intervención (Ref.: 207/2020) de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da que se deduciu un déficit en termos de SEC-10 ou necesidade de financiación de 120.355,02 euros.

O referido informe incorporase o expediente da liquidación do Orzamento Xeral do 2019.

Cuarto.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria da mercantil INCOLSA.

Como xa se indicou anteriormente a mercantil de capital íntegramente local ten sido clasificada pola IGAE no sector de Administracións Públicas, tal e como consta no Inventario de Entidades Locais da Base de Datos da Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades locais dependiente da Secretaría Xeral de Financiación

Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e por conseguinte encontranse dentro do perímetro de consolidación a efectos de estabilidade orzamentaria.

Con data de 25 de marzo pola Xerencia da sociedades tense emitido informe o respecto a partir da conta de Pérdidas e Ganancias do ano 2019 deducíndose unha situación de superávit cifada en 216.246,00 euros, que por tratarse como temos indicado dun ente calificado como Administración Públicas identifícase como capacidade de financiación.

Quinto.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na Fundación Refuxio de Animais.

Tamén a Fundación Refuxio de Animais, como xa indicou ten sido sectorizada como Administración Pública e polo tanto debe ser incluída no marco perimetral os efectos de estabilidade orzamentaria.

Con data de 26 de marzo se ten emitido informe polos responsables administrativos do ente fundacional en relación o obxectivo de estabilidade orzamentaria, deducindo un déficit en termos de contabilidade nacional ou necesidade de financiación das contas do exercicio 2019 de 19.006.20 euros.

Sexto.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no conxunto consolidado.

En definitiva, da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Grupo Administración Pública- Concello de Santiago de Compostela obtemos os seguintes resultados en termos consolidados:

ENTIDADE	INGRESO NON FINANCIERO	GASTO NON FINANCIERO	AXUSTES	CAPACIDADE/ NECESIDADE FINANCIACIÓN
Concello Santiago de Compostela	106.406.343,39	93.569.348,96	533.858,96	13.370.853,39
			-	
OOAA Auditorio de Galicia	2.724.404,37	2.832.863,94	11.895,45	-120.355,02
INCOLSA	3.193.665,35	3.061.616,19	84.196,84	216.246,00

Fundación Refuxio de Animais	361.220,77	420.029,93	39.802,96	-19.006,20
Capacidade de financiación				13.447.738,17

Por conseguinte, cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria a Entidade matriz e a sociedade INCOLSA e se pon de manifesto unha necesidade de financiación no Auditorio de Galicia e na Fundación Refuxio de Animais, si ben a nivel consolidado se verifica un superávit en termos de capacidade de financiación SEC 2010 de 13.447.738,17 euros del Grupo Administración Pública-Concello de Santiago de Compostela, o que determina o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio económico do 2019.

V CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O Real Decreto-Lei 8/2011, de 1 de xullo, modificou no seu día o derogado Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupuestaria (RD Legislativo 1091/1988 de 23 de setembro, vigente ata o 1 de xaneiro do 2005), estendendo ás Entidades Locais dos artigos 111 (capitais de provincia e de CCAA e as de poboación de máis de 75.000 habitantes) e 135 (Diputaciones, Consellos e Cabildos Insulares) do TRLRHL, a sujeción á regra de gasto á que estaba suxeita o Estado por aplicación da normativa europea, implicando iso que o gasto público non pode incrementarse por encima da taxa de crecemento da economía.

Á súa entrada en vigor a LOEPYSF estendeu á súa vez a obriga de cumprir a regra de gasto a todas as Entidades Locais.

O obxectivo da regra de gasto é limitar o crecemento do gasto público, establecendo un tope de aumento máximo en función do crecemento da economía española.

A regra de gasto se calcula comprobando que a variación do gasto computable non supera a taxa de crecemento do produto interior bruto.

O Goberno fixa a variación máxima que poden experimentar todos os orzamentos das Entidades Locais.

A variación do gasto das Entidades Locais non pode exceder a porcentaxe que estableza o Ministerio de Facenda e Función Pública e que se publica no informe de situación da

economía española que acompaña ao acordo anual de establecemento dos obxectivos de estabilidade presupuestaria para os tres exercicios seguintes.

O Consello de Ministros en sesión de 25 de febreiro do 2020 fixou a tasa de referencia do crecemento do PIB, nos termos seguintes:

2019	2020	2021	2022	2023
2,70%	2,90%	3,00%	3,20%	2,30%

A tasa de variación do gasto computable dun exercicio se calcula de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{T.V. Gasto computable (\%)} = \left(\frac{\text{Gasto computable ano } n}{\text{Gasto computable ano } n - 1} - 1 \right) \times 100$$

O gasto computable do ano $n - 1$ realízase a partir da liquidación do Orzamento de dito exercicio, no no caso da liquidación orzamentaria do exercicio económico do 2018.

O gasto computable do ano n , os efectos de este informe de avaliación, se obterá a partir da información que reflicte a liquidación orzamentaria do ano 2019.

A estos efectos enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas ou afectados procedentes doutras Administracións Públicas.

A metodoloxía de cálculo considera como empregos non financeiros os gastos dos Capítulos I a VII do Orzamento, en termos de obrigas recoñecidas netas os efectos do presente informe, cuxo obxecto e a avaliación do cumprimento da regra de gasto con ocasión da liquidación orzamentaria do 2019.

A partir dos “empregos non financeiros” se descuentan os gastos relacionados cos intereses da débeda, obténdose deste xeito os empregos non financeiros (excepto os intereses de débeda).

Unha vez determinados estes se procede a realizar os axustes necesarios para adecuar os gastos presupuestarios o concepto de empregos non financeiros segundo os criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), e para ilo se sigue a “Guía para a

determinación da regra de gasto do artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais” 3ª edición publicada por la IGAE.

Incumprir a regra de gasto supón a obriga de aprobar un plan económico-financieiro de corrección dese desequilibrio.

No cadro seguinte recollense os cálculos e axustes para a determinación do gasto computable a efectos da regra de gasto deducido da liquidación do orzamento 2019:

DETERMINACIÓN GASTO COMPUTABLE		
	A.- Empregos non financeiros (Capítulos 1 a 7)	93.569.348,96
	Intereses da débeda	461.759,27
	B).- Empregos non financeiros	93.107.589,69
(-)	Enaxenación investimentos reais	414.910,83
(+/-)	Investimentos realizados por conta da Entidade Local	
(-)	Investimentos por conta doutas AAPP	
(+)	Execución de avales	
(+)	Aportacións de capitais	
(+)	Asunción e cancelación de débedas	
(+/-)	Gastos pendentes de aplicación orzamentaria	1.177.578,55
(+)	Pagos socios privados marco asoc.publicas	
(+/-)	Adquisicións con pago aplazado	
(+/-)	Arrendamento financeiro	
(+)	Préstamos fallidos	
(+/-)	Grado de execución do gasto	
(-)	Axustes consolidación orzamentaria	3.760.000,00
(-)	Gastos financiados con fondos finalistas (UE/AAPP)	5.534.697,50
(-)	Investimentos financieramente sostibles	
(+/-)	Outros (Proxecto SMARTIAGO)	67.519,86
	D.- GASTO COMPUTABLE	82.152.882,95

Os axustes que temos considerado son os seguintes:

1.- Enaxenación de terreos e demais investimentos reais:

O Sistema Europeo de Contas considera o investimento dunha unidade pública como un gasto non financeiro que debe valorarse pola diferenza entre as adquisicións (a precio de compra ou custo de produción) e as enaxenacións (a precio de venda) dos activos

fixos, materiais e inmateriais, realizadas no exercicio.. O Sistema Europeo de Contas distingue entre Formación Bruta de Capital (cando se trata de investimento en aplicacións informáticas e dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro: investimento en maquinaria, construcións, instalacións técnicas...) e adquisicións reais de activos non financeiros non producidos (cando se trata de investimentos en licenzas, patentes e bens análogos ou de adquisicións de terreos).

Polo tanto, deberán considerarse como menores empregos non financeiros e, en consecuencia, realizar axustes de menor gasto, únicamente os dereitos recoñecidos por enaxenación de terreos e investimentos reais recollidos no capítulo 6 do Orzamento de ingresos. Con todo, non se descontarán os dereitos recoñecidos do capítulo 6 do Orzamento de ingresos procedentes de operacións de natureza urbanísticas (cotas de urbanización, aproveitamentos urbanísticos,...) ou de reintegros de operacións de capital.

No exercicio 2019 levouse a cabo a enaxenación dunha parcela do SUP-2 no polígono 2 de Cormes, por importe de 414.910,83 euros, o que implica un axuste de menor gasto na citada cuantía.

2.- Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a Orzamento:

A aplicación do principio do devengo do Sistema Europeo de contas implica a imputación de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento en que se decida a súa imputación orzamentaria. Polo tanto, as cantidades abonadas no exercicio na conta 413. Acreedores por operaciones devengadas daran lugar a axustes de maiores empregos non financeiros, mentres que as cantidades abonadas con signo negativo, é dicir, aplicadas a Orzamento implicarán axustes de menores empregos non

Saldo da conta 413 a 1 de xaneiro do 2019	1.774.991,43
Saldo da conta 413 a 31 de decembro do 2019	597.412,88
Variación neta	1.177.578,55

financieros.

Como queira que o saldo final da conta 413 e inferior o saldo o saldo inicial debe procederse a realizar un axuste negativo por menos gasto computable, polo importe de 1.177.578,55 euros.

3.- Axustes por consolidación orzamentaria.

A verificación do cumprimento da regra de gasto debe efectuarse a nivel consolidado, polo que se require eliminar as transferencias internas entre a Entidade matriz e o resto dos entes que forman parte do perímetro de consolidación. Por conseguinte procede a eliminación das transferencias do concello para gasto corrente do Autorio (1.300.000,00 euros) e a mercantil INCOLSA (2.460.000,00 euros)

4.- Gastos financiados con fondos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas:

Procede realizar asemesmo un axuste polos gastos financiados con fondos finalistas procedentes da Unión Europea e de outras Administracións Públicas, dado que son gastos que teñen a súa contrapartida en ingresos e non se limita o seu crecemento o non supoñer un cremento do gasto en termos estruturais. O detalle dos gastos financiados con fondos afectados procedentes doutras Administracións Públicas se amosa no cadro que se inserta de seguido:

AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE €
ESTADO	494.948,21
XUNTA	2.988.013,59
UE	985.176,22
CONSORCIO	257.713,11
DIPUTACION	808.846,37
TOTAL	5.534.697,50

5.- Outros axustes: Axuste polo proxecto SMARTIAGO.

O proxecto de gasto SMARTIAGO, se cofinancia con unha aportación da Administración Xeral do Estado, esta cofinanciación ten o carácter de ingreso financeiro en tanto non se valida a xustificación do correspondente gasto, momento no que se convirte nun ingreso de capital de natureza non financeira e de carácter finalista, debendose producir o correspondente axuste con arreglo o disposto anteriormente. Dito axuste se anticipa o exercicio económico actual dado que a validación da xustificación polo gasto executado e polo tanto a súa conversión en ingreso non financeiro se producira no exercicio económico seguinte do 2021, en base a elo facemos un axuste negativo para minorar o gasto computable no importe das obrigas recoñecidas neste exercicio que ascenden a 67.519,86 euros.

Unha vez determinado o gasto computable procederá axustalo no caso de que no exercicio se teñan aprobado cambios normativos que no caso de que supoñan aumentos permanentes de recaudación deberase disminuir o gastos computable na cuantía

equivalente, e no caso que supoñan reducións permanentes de recaudación se deberá disminuir o gasto computable na cuantía correspondente.

E a estes efectos e do mesmo xeito que nos anos anteriores de 2017 é 2018 se considera cambio normativo con aumento permanente de recaudación no importe de 1.400.000 euros, que ven derivado do incremento da base liquidable do Imposto de Bens Inmóveis de Naturaleza Urbana, como consecuencia da revisión do ano 2009 con efectos a partir do 2010. Este concepto ven sendo interpretado polo Ministerio de Facenda como “cambio normativo” en resposta a consulta formulada por COSITAL, non debendo ser consideradas como incremento permanente de recaudación derivado de cambio normativo, as altas motivadas tanto por procesos de regularización como por outras causas, segundo criterio posto de manifesto pola IGAE en resposta a diversas consultas.

O gasto computable axustado de acordo co exposto viría dado por:

	D.- GASTO COMPUTABLE	82.152.882,95
(-)	Aumentos permanentes de recaudación	1.400.000,00
(+)	Disminucións permanentes de recadución	0,00
	E).- GASTO COMPUTABLE AXUSTADO	83.552.882,95

Pero como xa vimos indicando a verificación do cumprimento da Regra de gasto debe efectuarse a nivel de grupo consolidado.

Polo que respecta o OOAA Auditorio de Galicia no informe emitido por ista Intervención (Ref. 161/2020) a liquidación orzamentario do exercicio 2019 se procedeu a verificación do cumprimento da regra do gasto. O referido informe se incorpora o expediente de liquidación do orzamento xeral.

Polo que se refire a mercantil INCOSAL, como xa se indicou anteriormente esta sociedade de capital íntegramente local ten sido clasificada pola IGAE no sector de Administracións Públicas, tal e como consta no Inventario de Entidades Locais da Base de Datos da Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades locais dependente da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e por conseguinte encontráanse dentro do perímetro de consolidación a efectos de estabilidade orzamentaria.

Con data de 25 de marzo pola Xerencia da sociedades tense emitido informe o respecto a cuantificación do gasto computable a efectos da regra de gasto, O referido informe

xunto coa documentación remitida se incorpora igualmente o expediente de liquidación orzamentaria 2019.

Tamén a Fundación Refuxio de Animais, como xa indicou ten sido sectorizada como Administración Pública e polo tanto debe ser incluída no marco perimetral os efectos de estabilidade orzamentaria.

Como xa se indicou anteriormente os responsables administrativos do ente fundacional teñen remitido con data de 26 de marzo información sobre as contas provisionais do ano 2019 e inclusive informe en relación o obxectivo de estabilidade orzamentaria, pero non así respecto do cumprimento da regra de gasto.

Esta omisión ser subsana agora pola intervención municipal, si ben debe deixarse constancia de que o cumprimento con deficiencias do envío de información económica polos responsables da Fundación a esta intervención vense producindo de forma reiterada nos últimos exercicios.

Da información relativa as contas provisionais do exercicio 2019 comunicada pola Fundación Refuxio de Animais deducidos o gasto computable a efectos da regra de gasto para dito exercicio co detalle que se reflicte no cadro que se inserta de seguido:

CONCEPTO

Aprovisionamentos	38.502,67
Gastos de persoal	272.267,07
Outros gastos de explotación	22.568,73
Imposto de sociedades	
Outros impostos	
Gastos excepcionais	
Variación do inmov.material e intanx.,de inv.mobi ex	58.427,24
Variación ex.pdtos terminados e en curso de fabricac	6.258,46
Aplicación de provisións	
Inversións efectuadas por conta da Entidad Local	
Axudas, transferencias e subv concedidas	
EMPREGOS NON FINANC. SEC-10 excepto intereses debeda	398.024,17
Pagos por transf.(e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a E Local	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de outras AAPP ou da UE	0,00
GASTO COMPUTABLE A EFECTOS DA REGRA GASTO CONTAS PROVISIONAIS 2019	398.024,17

Finalmente o resultado dos cálculos efectuados a efectos da verificación do cumprimento da regra de gasto no Grupo Administración Pública-Concello de Santiago de Compostela, se mostra na taboa que figura a continuación:

Entidade	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	R.ANIMAIS	TOTAL
Gasto computable Liquidación 2018	78.714.557,74	2.056.886,45	2.661.846,17	323.201,83	83.756.492,19
TRCPIB /2,70%) s/ Gasto computable liquidac 2018	80.839.850,80	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	86.017.917,48
(+/-) Recaudación cambios normativos	1.400.000,00	0,00	0,00	0,00	1.400.000,00
Límite máximo gasto non financeiro	82.239.850,80	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	87.417.917,48
Gasto computable Liquidación 2019	80.752.882,95	1.910.289,70	2.666.389,27	398.024,17	85.727.586,09
Diferencia límite de Gasto financeiro e Gasto coimputable 2019	1.486.967,85	202.132,68	67.326,75	-66.095,89	1.690.331,39
	-1,81	-9,57	2,46	19,91	-1,93

Donde se pode apreciar que a variación de gasto computable e inferior a tasa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto de medio prazo da economía española no Grupo consolidado, e en todas as entidades que o conforman salvo na Fundación Refuxio de Animais, e polo tanto o resultado da avaliación é de cumprimento da regra de gasto, dado que a verificación debe efectuarse en termos agregados do conxunto de entes sectorizados como Administracións Públicas.

VI

CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

A sustentabilidade financeira presenta dúas vertientes o endeudamento financeiro e o endebedamento comercial.

1.- Cumprimento do límite de débeda financeira.

A Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que se fixe como obxectivo.

Para o ano 2019 iste límite se estableceu, como xa se ten indicado neste informe, no 2,6% do Producto Interior Bruto.

Con todo, dado que para a Administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resultando de aplicación o límite que establece o artigo 53 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales, debendose

considerar para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xeral do Estado para 2013.

Así en efecto, o referido artigo 53 do TRLRHL, fixa o límite de endebedamento local, e a modo de síntesis do seu contido podense establecer tres posibles situacións:

- Non se podrán concertar operacións de crédito a longo prazo si na liquidación do exercicio anterior se tivese deducido un aforro neto negativo o unha débeda viva superior o 110% dos ingresos correntes liquidados.
- Podránse formalizar operacións de crédito a longo prazo previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades do sector local si na liquidación do exercicio anterior se tivese deducido aforro neto positivo e a débeda viva se posicionase entre o 75% e o 100% dos ingresos correntes liquidados en termos de consolidación.
- Podránse concertar operacións de crédito a longo prazo para investimentos sin necesidade de autorización do órgano de tutela si na liquidación do exercicio anterior a magnitude de aforro neto acadase valores positivos e a débeda viva se situase por debaixo do 75% dos ingresos correntes liquidados en termos de consolidación.

E a determinación das dúas variables a ter en conta para a verificación destas restriccións para a apelación co endebedamento local, isto es, o volumen de débeda viva e os ingresos correntes liquidados, establece, como xa indicamos, na Disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xeral do Estado para 2013.

A.- Volume de débeda viva.

Así para a determinación do capital vivo habrá de terse en conta:

- Todas as operacións que se encontren viventes a data de peche do exercicio a que se refire a liquidación.
- o risco deducido dos avales; e
- os saldos das operacións formalizadas non dispostos.

Así mesmo, no intre de evaluar a viabilidade da operación que se proxecta, deberase de terse en conta tamén o importe previsto para a mesma.

Con todo debe facerse a precisión de que o límite de débeda debe determinarse nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo regulado no Tratado de Funcionamento da Unión Europea e que ten unha finalidade correctora, establecendo como deben de actuar os países membros no suposto de que a súa débeda pública o déficit orzamentario sean

considerados excesivos. Pois ben a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo en orde a determinar o límite da débeda os avais soamente se computan cando teñan sido obxecto de execución por incumprimento do avalado.

O detalle do endeudamento con Concello en canto a operacións concertadas vixentes e capital pendente de reembolso o peche do exercicio económico do 2019 se reflicte no cadro que se inserta a continuación:

IDENTIFICACIÓN OPERACIÓN	IMPORTE CONCERTA DO OPERACIÓN	PDTE DE REEMBOLSO A 31-12-2019
2000-1-BCL01	6.687.912,44	334.395,62
2009-1-CGAL01	6.340.000,00	634.000,00
2009-1-CGAL02	7.190.000,00	576.031,95
2010-1-BBVA01	4.135.000,00	1.240.500,00
2016-ABAN-01	5.320.000,00	931.000,00
2017-SABA-01	3.600.000,00	590.563,47
2018-BBVA-01	3.600.000,00	3.600.000,00
2019-ABAN02	2.950.000,00	2.950.000,00
Total débeda viva fora do sector público		10.856.491,04
2016-1-DEPUT	494.403,29	494.403,29
2017-1-DEPU02	292.000,00	292.000,00
2017-1-DEPU01	200.878,41	200.878,41
2018-IDAE01	1.284.576,13	1.260.787,69
Convenio Minergo SMARTIAGO	4.944.000,00	4.944.000,00
2018-1-DEPU012	312.324,18	312.324,18
2018-1-DEPU011	225.351,64	225.351,64
Total débeda viva do sector público		7.729.745,21
Aval A SM INCOLSA	240.000,00	240.000,00
Aval SM INCOLSA Operación Tesorería	670.000,00	670.000,00
Avais concedidos		910.000,00
TOTAL ENDEBEDAMENTO		19.496.236,25

De seguido determinamos o volume de débeda viva do conxunto de entidades que conforman o perímetro de endebedamento, das cales unicamente teñen concertadas operacións financeiras o Concello e a sociedade mercantil INCOLSA.

En primeiro termino determinamos o volumen de débeda viva a 31 de decembro do 2019 a efectos de Protocolo de Déficit Excesivo que se amosa no cadro que se inserta de seguido:

DÉBEDA VIVA A EFECTOS PROTOCOLO DÉFICIT EXCESIVO	CONCELLO	INCOLSA	TOTAL CONSOLIDADA
Débeda a curto prazo		0,00	670.000,00
Operacións de tesourería		0,00	670.000,00
Débedas a longo prazo	10.856.491,04	0,00	10.856.491,04
Emisións de débeda	0,00	0,00	0,00
Operacións con entidades de crédito	10.856.491,04	0,00	10.856.491,04
Factoring sen recurso	0,00	0,00	0,00
Arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
Asociacións público privadas	0,00	0,00	0,00
Pagos aprazados por operacións con terceiros	0,00	0,00	0,00
Débeda con AAPP (exclusivamente FFEL)	0,00	0,00	0,00
Outras operacións de crédito	0,00	0,00	0,00
TOTAL DÉBEDA VIVA FINAL PERÍODO	10.856.491,04	670.000,00	11.526.491,04

Para o cálculo do endebedamento a efectos da aplicación do réximen de autorización recollido no artigo 53 do TRLRHL e na DF 31ª da

Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xeral do Estado para 2013, se adicionará o capital vivo determinado a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo o seguinte:

O risco deducido dos avales concedidos. Si ben se exclue do cálculo o aval concedido a INCOLSA como garantía da operación de tesourería que ten concertada e vixente, dado que o incluírse dicha operación en termos de consolidación, daría lugar a unha duplicidade a efectos de endebedamento.

Non se recollería o detalle do saldo das operacións formalizadas dispoñibles e non dispostas xa que foi considerado anteriormente.

E se incluírían a débeda con Administracións Públicas distinta da incluída no Fondo de Financiación a Entidades Locales (Fondo de Impulso Económico, Fondo de Ordenación e Fondo de liquidación para a financiación dos pagos a provedores de Entidades locais). Polo tanto se incluíría os anticipos da Deputación Provincial, o préstamo para a financiación do proxecto SMARTIAGO e o préstamo IDAE.

Por conseguinte teríamos:

ENDEBEDAMENTO A EFECTOS ARTÍCULO 53 TRLRHL E DA 31 DA LEI ORZAMENTOS XERAIS ESTADO 2013	CONCELLO IMPORTE €	INCOLSA IMPORTE €	TOTAL CONSOLIDADO IMPORTE €
Total Débeda Viva Protocolo Déficit Excesivo	10.856.491,04	670.000,00	11.526.491,04
Capital vivo operacións avaladas	240.000,00	0,00	240.000,00
Débedas con Administracións Públicas	7.729.745,21	0,00	7.729.745,21
TOTAL CAPITAL VIVO	18.826.236,25	670.000,00	19.496.236,25

B.- Ingresos correntes.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calesqueira outros ingresos extraordinarios aplicados os capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

A determinación dos ingresos correntes do Concello deducidos da liquidación do exercicio económico do 2019 reflíctese no cadro que se inserta de seguido:

INGRESOS ORDINARIOS LIQUIDACIÓN 2019	IMPORTE €
Suma DRN capítulos I a V de ingresos	102.650.947,94
Contribucións especiais	-410.432,70
Outros ingresos correntes atípicos	-978.698,39
TOTAL	101.261.816,85

Deducimos dos ingresos liquidados as contribucións especiais derivados do Convenio con UNESPA e afectadas a gastos de investimento para o servizo de extinción de incendios e outros ingresos por actuacións de urbanizacións rexistrados no subconcepto de ingresos 39610 derivados de cuotas de urbanización.

C.- Límite da débeda.

O límite da débeda ou porcentaxe de endebedamento é un valor que debe obterse de forma consolidada, incluíndo todos os entes que conforman o perímetro de endebedamento, e que teñen sido sectorizados como Administracións Públicas.

De acordo cos cálculos efectuados o índice de endebedamento en termos consolidados resultaría ser o seguinte:

INDICE ENDEBEDAMENTO

Volumen de débeda viva
Ingresos correntes conxunto consolidado
Ratio de endebedamento

IMPORTE

19.496.236,25
107.397.424,55
18,15

De donde se deduce que o capital pendente de reembolso por operacións financeiras concertadas representa un 18,15% dos ingresos ordinarios consolidados do Grupo Administración Pública- Concello de Santiago.

D.- Aforro neto.

Finalmente o aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRHL como magnitude a ter en conta para a avaliación da viabilidade das operacións de endebedamento local e que indica a capacidade da entidade para facer fronte as obrigas que se deriven das operacións financeiras futuras.

De acordo co criterio e metodoloxía regulado no precepto legal citado no cadro que se inserta de seguido se determina o aforro neto legal a partir dos obtidos na liquidación do orzamento correspondente o exercicio económico do 2019:

AFORRO NETO

	2019
	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 1	48.057.760,74
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 2	4.218.269,81
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 3	19.387.748,80
Contribucións especiais	410.432,70
Outros ingr.corrent atípicos e/ou financ.gastos capital	978.698,39
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 4	31.014.387,12
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 5	-27.218,53
1. TOTAL DEREITOS RECOÑEC.NETOS CAP 1 A 5	101.261.816,85
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 1	30.373.195,94
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 2	42.717.413,81
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 4	13.377.680,48
Importe financiado con Remanente líquido Tesourería	0,00
2. TOTAL OBRIGAS RECOÑEC CAP 1, 2 E 4	86.468.290,23
3. ESTABILIDADE BRUTA CAP 3 GTS.FINANCIEIROS	14.793.526,62
4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN	5.216.578,48
5. AFORRO NETO (3 - 4)	9.576.948,14
RATIO LEGAL DE AFORRO (5/1 %)	9,46

De donde se pon de manifesto que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLRHL para poder concertar operacións de crédito o longo prazo para financiar os seus investimentos, situándose ademais o aforro neto e valores positivos, e por debaixo do límite do 75% que establece a Disposición Adicional 74ª da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de crédito a longo prazo para dar cobertura os seus gastos de capital.

2.- Débeda comercial. Período medio de pago.

A modificación da LOEPESF pola Lei Orgánica 9/2013 de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no Sector Público supuxo a introducción dunha nova regra fiscal de obrigado cumprimento para as Administracións Públicas por aplicación do principio de sostenibilidade financeira que se reformula incluíndo este, ademais da débeda financeira, a débeda comercial cuxo pago se ten que verificar a través do indicador: Período Medio de Pago (PMP).

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. A estes efectos, considéranse como número de días de pago o número de días dende a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Desde xeito, durante o exercicio 2019 O PMP foi o seguinte:

MENSUALIDADE	AUDITORIO			REFUXIO	GLOBAL
	CONCELLO	GALICIA	INCOLSA	ANIMAIS	
Xaneiro					
Febreiro	56,26	50,83	20,79	170,30	53,82
marzo	52,53	52,31	6,20	181,87	51,83
abril	50,42	22,79	19,19	195,07	50,11
Maio	55,41	34,69	17,71	200,16	55,40
Xuño	62,12	47,65	17,12	190,03	60,10
Xullo	66,55	45,94	19,61	187,70	66,09
agosto	104,07	22,08	165,01	217,98	101,55
Setembro	102,74	30,26	16,98	160,44	100,34
Outubro	33,78	11,00	25,55	67,88	33,25
Novembro	28,26	26,65	25,34	193,73	28,71
Decembro	19,99	19,08	13,40	210,40	20,39

VII CONCLUSIÓNS

Como resultado do examen dos datos de execución do Orzamento Xeral e dos estados financeiros das entidades que forman parte do sector Administracións Públicas do Concello de Santiago de Compostela correspondentes a liquidación e contas do ano 2019, os efectos de avaliación das tres regras de disciplina orzamentaria establecidas pola Ley Orgánica 2/2011 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira concluese o seguinte:

PRIMEIRO.- O Grupo Administración Pública-Santiago de Compostela **cumpre** co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo cos criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), arroxando unha capacidade de financiación de 13.447.738,17 euros.

ENTIDADE	INGRESO NON FINANCIEI RO	GASTO NON FINANCIE IR	AXUST ES	CAPACIDAD E/ NECESIDAD E FINANCIACI ON
Concello Santiago de Compostela	106.406.343,3 9	93.569.348, 96	533.858, 96	13.370.853,39
			-	
OOAA Auditorio de Galicia	2.724.404,37	2.832.863,9 4	11.895,4 5	-120.355,02
INCOLSA	3.193.665,35	3.061.616,1 9	84.196,8 4	216.246,00
Fundación Refuxio de Animais	361.220,77	420.029,93	39.802,9 6	-19.006,20
Capacidade de financiación				13.447.738,17

SEGUNDO.- O Grupo Administración Pública- Concello Santiago de Compostela cumpre coa Regra de gasto na liquidación orzamentaria do exercicio económico do 2019 arroxando unha diferenza entre o límite máximo de gasto non financeiro e o gasto computable o peche do exercicio de 1.690.331,39 euros.

Entidade	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	R.A.NIMAIS	TOTAL
Gasto computable Liquidación 2018	78.714.557,74	2.056.886,45	2.661.846,17	323.201,83	83.756.492,19
TRCPIB /2,70%) s/ Gasto computable liquidac 2018	80.839.850,80	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	86.017.917,48
(+/-) Recaudación cambios normativos	1.400.000,00	0,00	0,00	0,00	1.400.000,00
Límite máximo gasto non financeiro	82.239.850,80	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	87.417.917,48
Gasto computable Liquidación 2019	80.752.882,95	1.910.289,70	2.666.389,27	398.024,17	85.727.586,09
Diferencia límite de Gasto financeiro e Gasto coimputable 2019	1.486.967,85	202.132,68	67.326,75	-66.095,89	1.690.331,39
	-1,81	-9,57	2,46	19,91	-1,93
Tasa de referencia de crecemento do PIB 2019					2,70

Volumen de débeda viva a 31-12-2019 19.496.236,25
Índice de endebedamento segundo artigo 53 TRLRHL 18,15

TERCEIRO.- O Grupo Administración Pública-Concello de Santiago de Compostela cumpre co límite da débeda, arroxando un volumen de débeda viva que ascende a 19.496.236,25 o que supón o 18,15% dos ingresos correntes de carácter ordinario consolidados.”

Informe complementario (Ref. 279/2020):

“Advertido erro no informe referenciado emítese o presente informe complementario para a súa subsanación:

No epígrafe VII de Conclusións, donde di:

“**SEGUNDO.-** O Grupo Administración Pública- Concello de Santiago de Compostela cumpre coa Regra de gasto na liquidación orzamentaria do exercicio económico do 2019 arroxando unha diferenza entre o límite máximo de gasto non financeiro e o gasto computable o peche do exercicio de 1.690.331,39 euros

Entidade	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	R.A.NIMAIS	TOTAL
Gasto computable Liquidación 2018	78.714.557,74	2.056.886,45	2.661.846,17	323.201,83	83.756.492,19
TRCPIB /2,70%) s/ Gasto computable liquidac 2018	80.839.850,80	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	86.017.917,48
(+/-) Recaudación cambios normativos	1.400.000,00	0,00	0,00	0,00	1.400.000,00
Límite máximo gasto non financeiro	82.239.850,80	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	87.417.917,48
Gasto computable Liquidación 2019	80.752.882,95	1.910.289,70	2.666.389,27	398.024,17	85.727.586,09
Diferencia límite de Gasto financeiro e Gasto coimputable 2019	1.486.967,85	202.132,68	67.326,75	-66.095,89	1.690.331,39
	-1,81	-9,57	2,46	19,91	-1,93
Tasa de referencia de crecemento do PIB 2019					2,70

debe dicir:

“**SEGUNDO.-** O Grupo Administración Pública- Concello de Santiago de Compostela cumpre coa Regra de gasto na liquidación orzamentaria do exercicio económico do 2019 arroxando unha diferenza entre o límite máximo de gasto non financeiro e o gasto computable o peche do exercicio de 222.799,14 euros

Entidade	CONCELLO	AUDITORIO	INCOSA	R.A.NIMAS	TOTAL
Gasto computable Liquidación 2018	79.271.720,20	2.056.886,45	2.661.846,17	323.201,83	84.313.654,65
TRCPIB /2,70%) s/ Gasto computable liquidac 2018	80.572.318,55	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	85.750.385,23
(+/-) Recaudación cambios normativos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Límite máximo gasto non financeiro	80.572.318,55	2.112.422,38	2.733.716,02	331.928,28	85.750.385,23
Gasto computable Liquidación 2019	80.552.882,95	1.910.289,70	2.666.389,27	398.024,17	85.527.586,09
Diferencia límite de Gasto financeiro e Gasto coimputable 2019	19.435,60	202.132,68	67.326,75	-66.095,89	222.799,14
	-0,02	-9,57	2,46	19,91	-0,26
Tasa de referencia de crecemento do PIB 2019					2,70

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2020-CREXT-02 DE IMPORTE 439.372,10 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019, E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA APROBAR GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 E OS PAGOS REXISTRADOS NA CONTA 555.

O informe proposta de data 27 de abril do corrente ano, asinado polo técnico da oficina de orzamentos e ao que da o conforme a concelleira delegada de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“I. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF en diante), dispón:

“ 32 Destino do superávit orzamentario

1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)

3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable,

para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

No momento actual, sendo obxecto de prórroga anual a citada Disposición Adicional Sexta da LOEOSF para este exercicio económico e, ante a necesidade inmediata de actuación trala declaración por parte da Organización Mundial da Saúde, o día 11 de marzo de 2020, do brote de COVID-19 como pandemia Internacional, e a consecuente declaración do estado de alarma aprobado polo Goberno mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, autorizouse, a través do artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e o artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, como debe aplicarse devandito superávit, incluíndose a posibilidade de destinar o superávit de 2019 á atención de certos gastos en políticas sociais por efecto do COVID-19 incluídos na política de gasto 23 «Servizos Sociais e promoción social».

É dicir, o artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, habilita ás Corporacións Locais para aplicar o superávit presupuestario xerado no exercicio 2019 dunha forma alternativa á de reducir débeda (artigo 32 LOEPSF), de xeito concreto para financiar as axudas económicas e todas as prestacións de servizos

xestionadas polos servizos sociais de atención primaria e atención á dependencia que se recollen no Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, de 16 de xaneiro de 2013, que recolle o Catálogo de Referencia de Servizos Sociais.

Deste xeito, do tenor literal das devanditas norma podemos extraer que existen dúas posibles formas de aplicar o superávit presupuestario derivado da liquidación do exercicio 2019 unha vez atendido o establecido como regras especiais na disposición adicional 6ª da LOEOSF:

Amortización de débeda (artigo 32 da LOEOSF).

Financiamento de certos gastos incluídos na política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social» (artigo 3 do RD-Lei 8/2020) tendo en consideración as puntualizacións sobre o importe a aplicar e o procedemento a seguir establecidos no artigo 20 do RD-Lei 11/2020.

II. XUSTIFICACIÓN DO IMPORTE A APLICAR EN CUMPRIMENTO DAS NORMAS QUE REGULAN O DESTINO DO SUPERÁVIT.

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF, en diante), establece dúas regras que rexen o destino do superávit orzamentario: o artigo 32 e o establecido na súa disposición adicional 6ª e disposición adicional 16ª do TRLRFL, estas últimas de aplicación opcional para as entidades locais que cumpran os requisitos esixidos.

Dun xeito excepcional, e con motivo da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19, as regras establecidas na disposición adicional 6ª da LOEOSF e na disposición adicional 16ª do TRLRFL serán aplicables nos termos que indican o artigo 3 do RD-Lei 8/2020 e o artigo 20 do RD-Lei 11/2020.

Neste sentido, os posibles destinos do superávit/RLTGX correspondente á liquidación do exercicio 2019 permitidos polas anteditas disposicións son os seguintes e por esta orde:

1. Imputar as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta 413, así como os pagos pendentes de aplicar anotados na conta 555.
2. Reducir o endebedamento neto (artigo 32 da LOEOSF) ou destinar o equivalente ao 20% do saldo que se podería destinar noutros exercicios a IFS, previa aplicación das regras contidas na disposición adicional 6ª da LOEOSF, a gastos de investimento incluídos na política de gasto 23 <<Servizos sociais e promoción social>> así como, de

forma excepcional e dentro da mesma política de gasto, para o financiamento das axudas económicas e todas as prestacións de servizos xestionadas polos servizos sociais de atención primaria e atención á dependencia que se recollen no Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, de 16 de xaneiro de 2013, que recolle o Catálogo de Referencia de Servizos Sociais.

Referente á determinación do importe a considerar na asignación do superávit ás finalidades indicadas cómpre advertir que, se o Concello ten entes dependentes, como é o caso do de Santiago de Compostela, aínda que os elementos que interveñen na confrontación (superávit/RLTGX) estímense en termos de grupo consolidado, deben contrastarse eses compoñentes ente a ente, e comparar en cada un deles o superávit en termos SEC cos respectivos RLTGX/PeG (entes mercantís) considerando o de menor importe. En definitiva, e tendo en conta o criterio seguido polo propio Ministerio de Facenda, en contestación recollida no documento publicado en marzo do 2018 baixo o nome *“Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales. Contestación a las preguntas más frecuentes”*, o importe do superávit/RLTGX consolidado actúa como límite máximo a aportar pola totalidade do grupo, polo que a suma das aportacións de cada ente debe ser menor ou igual a aquel.

Seguindo a pauta descrita, os datos a ter en conta son os seguintes:

	RLTGX/PeG	Superávit	Importe a aplicar
Concello	11.711.465,20	13.370.853,39	11.711.465,20
Auditorio de Galicia	411.830,63	-120.355,02	-120.355,02
INCOLSA	216.246,00	216.246,00	216.246,00
Refuxio de Animais	-19.006,20	-19.006,20	-19.006,20
	12.320.535,63	13.447.738,17	11.788.349,98

Superávit consolidado ano 2019 **13.447.738,17**

RLT para GX consolidado 2019 **12.123.295,83**

Do establecido no cadro anterior, conclúese que o importe a aplicar como destino do superávit do grupo do Concello de Santiago de Compostela é de **11.788.349,98 euros**, sendo que se encontra dentro do límite máximo resultante da liquidación do exercicio 2019 como RLT para GX consolidado do Concello que ascende a 12.123.295,83 euros (menor que a magnitude do superávit consolidado do Concello que é de 13.447.738,17 euros).

III. APLICACIÓN DO SUPERÁVIT PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 (ACREDORES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO) E 555 (PAGOS PENDENTES DE APLICAR).

Por decreto da concelleira delegada con competencias en economía e facenda do 22.04.2020 aprobouse a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2019 da que resulta un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 597.412,88 euros e un saldo de pagos pendentes de aplicar rexistrados na conta 555 de 108.166,68 euros.

En cumprimento do establecido na D.A. 6ª punto 2.a) da **LOEPSF**, e para poder atender de forma urxente o pagamento e aplicación das facturas e demais gastos rexistrados na conta 413 “Acredores pendentes de aplicar ao orzamento” e o saldo de pagos pendentes de aplicar rexistrados na conta 555 “Pagos pendentes de aplicar ao orzamento”, tramítase este primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación do superávit orzamentario da liquidación do exercicio 2019 sen prexuízo de que se tramite posteriormente os que resulten precisos para esgotar a aplicación deste recurso financeiro.

Aplicación do RLT para GX para atender as facturas en situación de OPA recollidas a 31/12/2019 na conta 413.

A proposta de aplicación con carácter prioritario do RLT para GX correspondente á liquidación do orzamento 2019 para atender as facturas en situación de OPA recollidas a 31/12/2019 na conta 413 é a seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2019 010 43200 22699)	2	010 43200 2269999		38	CE	2.802,36
OPAS (2019 010 91201 22601)	2	010 91201 2260199		38	CE	16.254,76
OPAS (2019 020 23100 21200)	2	020 23100 2120099		20	CE	1.775,82
OPAS (2019 030 49100 22200)	2	030 49100 2220099		44	CE	2.400,26
OPAS (2019 030 92000 20200)	2	030 92000 2020099		37	CE	6.624,29
OPAS (2019 030 92000 21200)	2	030 92000 2120099		37	CE	31.361,36
OPAS (2019 030 92000 23020)	2	030 92000 2302099		43	CE	293,52
OPAS (2019 030 92000 23110)	2	030 92000 2311099		43	CE	500,25
OPAS (2019 040 15320 21000)	2	040 15320 2100099		09	CE	75.923,29
OPAS (2019 040 15320 21300)	2	040 15320 2130099		09	CE	264,99
OPAS (2019 040 15320 22104)	2	040 15320 2210499		09	CE	262,27
OPAS (2019 040 15320 22706)	2	040 15320 2270699		09	CE	17.641,97
OPAS (2019 040 33403 21200)	2	040 33403 2120099		26	CE	7.547,39
OPAS (2019 060 13200 21400)	2	060 13200 2140099		02	CE	188,76
OPAS (2019 060 33800 22699)	2	060 33800 2269999		29	CE	18.148,79
OPAS (2019 090 34100 22609)	2	090 34100 2260999		30	CE	600,01
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						182.590,09
OPAS (2019 020 16300 46600)	4	020 16300 4660099		11	CE	700,00

GASTO TOTAL CAPÍTULO 4						700,00
OPAS (2019 100 45400 61900)	6	100 45400 6190099	2018 2 AGADE 66 1	35	CE	84.306,15
OPAS (2019 100 45400 61900)	6	100 45400 6190099		35	CE	65.850,81
OPAS (2019 100 93302 62200)	6	100 93302 6220099	2018 2 PPROV 35 2	35	CE	9.487,56
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						159.644,52
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						342.934,61
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000						

Do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 reflectidas na liquidación do exercicio 2019 de importe 597.412,88 euros, non se habilita crédito nesta primeira modificación orzamentaria de aplicación do superávit do exercicio 2019 por importe de 254.478,27 euros con base nas seguintes motivacións:

1.- Unha factura en situación de OPA a 31.12.2019 de FERROVIAL SERVICIOS S.A., de importe 36.568,63 euros e concepto <alugueiro de grupo electrógeno para alimentación da pista de xeo as 24 horas>, que no momento actual non é posible levar a recoñecemento extraxudicial a habilitación do crédito necesario para a súa aprobación ao estar completándose o expediente administrativo de tramitación do gasto desde o centro xestor.

2.- O importe correspondente a unha indemnización (194.334,00 euros) e xuros (23.575,64 euros) fixada polo TSXG en relación ao auto de inexecución de sentenza 5302/95 a favor da Comunidade hereditaria de Isaac Bermúdez Buján. Neste caso, estase a analizar por parte dos distintos servizos municipais implicados, un informe consultivo da Xunta de Galicia recibido recentemente en relación á cuestión planteada, non sendo posible no momento actual, en espera que se adopte unha decisión definitiva, habilitar crédito para afrontar o aboamento do crédito recoñecido como OPA a 31.12.2019.

O saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 non reflectidas neste primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación do superávit da liquidación do exercicio 2019 terán carácter prioritario e contarán coa reserva de crédito necesaria nos seguintes expedientes que se formulen co mesmo destino.

É necesario, polo tanto, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario por unha contía de **342.934,61 euros** para dar cobertura ao saldo actual de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 ((facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413).

-Aplicación do RLT para GX para atender os pagos pendentes de aplicar ao orzamento (PPA) (pagos en conta contabilizados na conta 555) a 31/12/2019.

En relación a esta segunda aplicación do RLT para GX cabe facer as seguintes consideracións:

1.- Do monto total que reflicte o documento de liquidación do orzamento do exercicio 2019 (108.166,68 euros), xa foron regularizados pagos no exercicio vixente por importe de 11.729,19 euros, polo que a habilitación de crédito que corresponde aprobar para atender o saldo real de PPA a data actual como segunda aplicación do RLT para GX é de 96.437,49 euros.

2.- Segundo o establecido no informe de intervención 101/2020 de 20.02.2020 relativo a pagos efectuados mediante adeudo directo en contas bancarias de titularidade municipal – domiciliacións, cuxa copia forma parte do presente expediente, existe unha diferenza de 273,58 euros entre os xustificantes de gasto incorporados na conta xustificativa realizada polo responsable do parque móbil municipal e as comunicacións de pagos efectuados desde a tesourería municipal en concepto de domiciliacións. Esta diferenza vai ser obxecto de xustificación a través dunha certificación de acreditación de gasto por parte do responsable do parque móbil, e atendendo a criterios de confianza e importancia relativa, neste expediente modificativo de crédito vaise proceder á habilitación de crédito pola contía total de 96.437,49 euros.

2.- Con base nas consideracións anteriores, a proposta de aplicación con carácter prioritario do RLT para GX correspondente á liquidación do orzamento 2019 para atender os PPA recollidas a 31/12/2019 na conta 555 é a seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA (2019 030 92000 22103)	2	030 92000 2210399		40	CE	96.437,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						96.437,49
TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (555)						96.437,49
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000						

É necesario, polo tanto, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por un importe total de **96.437,49 euros** para dar cobertura ao saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (pagos en conta contabilizados na conta 555).

IV. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2019 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2019, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno nas oficinas onde se sitúa a intervención municipal xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente modificativo de crédito corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2019, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2019, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

V. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2019 NA CONTA 555 CORRESPONDENTES A PAGOS PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Os pagos rexistrados na conta 555 do Concello a 31.12.2019 responden na súa totalidade a domiciliacións bancarias que veñen tendo efectividade ao longo do tempo derivada da dinámica de xestión habitual do Concello, sendo obxecto de reparo os gastos así efectuados pola intervención municipal.

Segundo consta no informe de intervención municipal 101/2020 de 20.02.2020 relativo a pagos efectuados mediante adeudo directo en contas bancarias de titularidade municipal – domiciliacións, cuxa copia forma parte do presente expediente, este criterio contable seguido polo Concello non é compartido polo interventor que subscribe o devandito informe, si ben o mantén para o exercicio 2019 por telo así establecido o departamento de intervención nos últimos anos. Este criterio vaise mudar para o exercicio 2020 de tal xeito que, no caso de que se produzan saídas de fondos públicos mediante estes cargos directos en contas bancarias, non se procederá a súa imputación financeira ata tanto o órgano municipal competente levante, no seu caso, o reparo correspondente e ata entón tales saídas de fondos nestas condicións deberán reflexarse no estado de conciliación que se anexe a Acta de arqueo que deberá formular a Tesourería e autorizar o Interventor.

Asemade, as anotacións contables por pagos domiciliados que na actualidade se encontren incluídas no saldo debedor de esta conta 555, que carezan do correspondente xustificante de gasto e este non sexa remitido a esta Intervención mediante a correspondente conta xustificativa nos prazos que a tal efecto se establezan, serán obxecto de anulación e deberán reflectirse no estado de conciliación as Actas de arqueo. A posterior anotación contable de estes pagos sen xustificar requirirán do correspondente acordo expreso do órgano municipal competente, previa tramitación de expediente administrativo.

VI. PROPOSTA

Logo de ver a liquidación do exercicio 2019 do Orzamento Xeral do Concello e os cálculos efectuados para a determinación do importe a aplicar como destino do superávit consolidado cifrado en termos globais en 11.788.349,98 euros, a proposta actual deste primeiro expediente modificativo de crédito – crédito extraordinario – de aplicación do superávit orzamentario da liquidación do exercicio 2019, sen prexuízo de que se tramite posteriormente os que resulten precisos para esgotar a aplicación deste recurso financeiro, tería o seguinte detalle resumido:

	CE	Totais
OPAS (aplicación 413)	342.934,61	342.934,61
PPA (aplicación 400)	96.437,49	96.437,49

439.372,10

439.372,10

Verificado que neste primeiro expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2019 segue para o seu uso as prioridades emanadas da disposición adicional 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira** e que existe unha relación de facturas (véxase o detalle no anexo I a este informe-proposta) que para a súa aprobación e pagamento precisan do seu recoñecemento extraxudicial e unha relación de pagamentos (véxase o detalle no anexo II a este informe-proposta) que para o seu recoñecemento da obriga precisan do seu recoñecemento extraxudicial.

Logo de ver o carácter específico e determinado do gasto a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nas bases 12, 13 e 30 das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2020, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2019 e os pagos pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2019 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de **CATROCIENTOS TRINTA E NOVE MIL TRESCIENTOS SETENTA E DOUS EUROS, CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (439.372,10 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 342.934,61 euros para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2019, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
--------------	------	------------	----------	----	---------	---------

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2019 010 43200 22699)	2	010 43200 2269999		38	CE	2.802,36
OPAS (2019 010 91201 22601)	2	010 91201 2260199		38	CE	16.254,76
OPAS (2019 020 23100 21200)	2	020 23100 2120099		20	CE	1.775,82
OPAS (2019 030 49100 22200)	2	030 49100 2220099		44	CE	2.400,26
OPAS (2019 030 92000 20200)	2	030 92000 2020099		37	CE	6.624,29
OPAS (2019 030 92000 21200)	2	030 92000 2120099		37	CE	31.361,36
OPAS (2019 030 92000 23020)	2	030 92000 2302099		43	CE	293,52
OPAS (2019 030 92000 23110)	2	030 92000 2311099		43	CE	500,25
OPAS (2019 040 15320 21000)	2	040 15320 2100099		09	CE	75.923,29
OPAS (2019 040 15320 21300)	2	040 15320 2130099		09	CE	264,99
OPAS (2019 040 15320 22104)	2	040 15320 2210499		09	CE	262,27
OPAS (2019 040 15320 22706)	2	040 15320 2270699		09	CE	17.641,97
OPAS (2019 040 33403 21200)	2	040 33403 2120099		26	CE	7.547,39
OPAS (2019 060 13200 21400)	2	060 13200 2140099		02	CE	188,76
OPAS (2019 060 33800 22699)	2	060 33800 2269999		29	CE	18.148,79
OPAS (2019 090 34100 22609)	2	090 34100 2260999		30	CE	600,01
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						182.590,09
OPAS (2019 020 16300 46600)	4	020 16300 4660099		11	CE	700,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4						700,00
OPAS (2019 100 45400 61900)	6	100 45400 6190099	2018 2 AGADE 66 1	35	CE	84.306,15
OPAS (2019 100 45400 61900)	6	100 45400 6190099		35	CE	65.850,81
OPAS (2019 100 93302 62200)	6	100 93302 6220099	2018 2 PPROV 35 2	35	CE	9.487,56
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						159.644,52
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						342.934,61
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000						

Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **342.934,61 €**

2.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 96.437,49 euros para atender os pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (pagos en conta contabilizados na conta 555) financiado con RLT para GX do exercicio 2018, c9 seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA (2019 030 92000 22103)	2	030 92000 2210399	40	CE	96.437,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2					96.437,49
TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (555)					96.437,49
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000					

Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **96.437,99 euros.**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	439.372,10 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	439.372,10 €

TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 439.372,10 EUROS

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente modificativo de crédito, de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02, durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente o expediente modificativo de crédito, de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02, inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 1 reflectidas na conta 413 a 31.12.2019 por importe total de 342.934,61 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

QUINTO: Levantar o reparo do informe de intervención nº 101/2020 de 20.02.2020 relativa aos pagos pendentes de aplicar recollidos no listado anexo nº 2 reflectidos na conta 555 a 31.12.2019 por importe total de 96.437,49 euros e recoñecer extraxudicialmente os gastos que deron lugar a eses pagos aos efectos da súa

imputación ao orzamento vixente nas aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

SEXTO: Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02.”

Á vista do informe-proposta transcrito, o acordo da Xunta de Goberno de 30 de abril do corrente ano e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación tras votación nominal e por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2019 e os pagos pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2019 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de CATROCIENTOS TRINTA E NOVE MIL TRESCIENTOS SETENTA E DOUS EUROS, CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (439.372,10 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 342.934,61 euros para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2019, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2019 010 43200 22699)	2	010 43200 2269999		38	CE	2.802,36
OPAS (2019 010 91201 22601)	2	010 91201 2260199		38	CE	16.254,76
OPAS (2019 020 23100 21200)	2	020 23100 2120099		20	CE	1.775,82
OPAS (2019 030 49100 22200)	2	030 49100 2220099		44	CE	2.400,26
OPAS (2019 030 92000 20200)	2	030 92000 2020099		37	CE	6.624,29
OPAS (2019 030 92000 21200)	2	030 92000 2120099		37	CE	31.361,36
OPAS (2019 030 92000 23020)	2	030 92000 2302099		43	CE	293,52
OPAS (2019 030 92000 23110)	2	030 92000 2311099		43	CE	500,25
OPAS (2019 040 15320 21000)	2	040 15320 2100099		09	CE	75.923,29
OPAS (2019 040 15320 21300)	2	040 15320 2130099		09	CE	264,99
OPAS (2019 040 15320 22104)	2	040 15320 2210499		09	CE	262,27
OPAS (2019 040 15320 22706)	2	040 15320 2270699		09	CE	17.641,97
OPAS (2019 040 33403 21200)	2	040 33403 2120099		26	CE	7.547,39
OPAS (2019 060 13200 21400)	2	060 13200 2140099		02	CE	188,76

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2019 060 33800 22699)	2	060 33800 2269999		29	CE	18.148,79
OPAS (2019 090 34100 22609)	2	090 34100 2260999		30	CE	600,01
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						182.590,09
OPAS (2019 020 16300 46600)	4	020 16300 4660099		11	CE	700,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4						700,00
OPAS (2019 100 45400 61900)	6	100 45400 6190099	2018 2 AGADE 66 1	35	CE	84.306,15
OPAS (2019 100 45400 61900)	6	100 45400 6190099		35	CE	65.850,81
OPAS (2019 100 93302 62200)	6	100 93302 6220099	2018 2 PPROV 35 2	35	CE	9.487,56
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						159.644,52
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						342.934,61
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000						

Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 342.934,61 €

2.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 96.437,49 euros para atender os pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (pagos en conta contabilizados na conta 555) financiado con RLT para GX do exercicio 2018, c9 seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA (2019 030 92000 22103)	2	030 92000 2210399	40	CE	96.437,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2					96.437,49
TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (555)					96.437,49
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000					

Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **96.437,99 euros.**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	439.372,10 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	

b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	439.372,10 €

TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 439.372,10 EUROS

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente modificativo de crédito, de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02, durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente á aprobación definitiva o expediente modificativo de crédito, de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02, inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 1 reflectidas na conta 413 a 31.12.2019 por importe total de 342.934,61 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

QUINTO: Levantar o reparo do informe de intervención nº 101/2020 de 20.02.2020 relativa aos pagos pendentes de aplicar recollidos no listado anexo nº 2 reflectidos na conta 555 a 31.12.2019 por importe total de 96.437,49 euros e recoñecer extraxudicialmente os gastos que deron lugar a eses pagos aos efectos da súa imputación ao orzamento vixente nas aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

SEXTO: Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02.

5. PROPOSTA DE CONVALIDACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 28-4-2020, EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2020-CREXT-03 DE IMPORTE 1.145.754,55 EUROS, FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019, COA FINALIDADE DE ATENDER GASTO SOCIAL AO AMPARO DO RÉXIME EXCEPCIONAL HABILITADO POLO ARTIGO 3 DO REAL DECRETO LEI 8/2020, DE 14 DE

MARZO, E DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NO ARTIGO 20 DO REAL DECRETO LEI 11/2020, DE 31 DE MARZO.

A proposta do Alcalde emitida con data 11 de maio do corrente ano, e en relación ao presente expediente ten o seguinte contido.

“1.ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22.04.2020 a Intervención Municipal emitiu informe relativo á delimitación, aos efectos do seu destino, ca capacidade de financiamento en termos de estabilidade resultante da liquidación orzamentaria do 2019 por incidencia dos RD-Lei 8/2020, de 17 de marzo, e RD-Lei 11/2020, de 31 de marzo, promulgados a consecuencia do impacto social e económico da covid-19.

Segundo.- Con data do 22.04.2020, por providencia de Alcaldía, incoouse o expediente de modificación orzamentaria para a aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2019.

No marco do expediente de modificación orzamentaria, con data do 23.04.2020 a Vicesecretaría emitiu a petición da Alcaldía, informe relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, tendo en conta a situación excepcional, para efectuar a referida modificación orzamentaria. Tamén nesta mesma data, as Concellarías de Educación, Xuventude, Igualdade e Políticas Lingüísticas e de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns, a petición da alcaldía, emitiron informe sobre as prestacións a financiar co superávit resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019.

Terceiro.- Con data do 27.04.2020 a Concelleira delegada de Economía e Facenda emitiu proposta de modificación orzamentaria á vista do informe proposta nº 18/2020 realizado pola Oficina Orzamentaria.

Cuarto.- Con data do 28.04.2020, a intervención municipal emite o preceptivo informe de fiscalización ao expediente, co número 298/2020.

Quinto.- Con data do 28.04.2020 e ao amparo do establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2020, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e no RD-Lei 8/2020 (artigo 3) e no RD-Lei 11/2020 (artigo 20), e demais disposicións vixentes na materia, dito RESOLUCIÓN do expediente de crédito extraordinario número 202-CREXT-03, con contido que se transcribe a continuación:

“PRIMEIRO: aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-03 por un importe de **UN MILLÓN CENTO CORENTA E CINCO MIL SETECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (1.145.754,55 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019, coa finalidade de atender gasto social ao amparo do réxime excepcional habilitado polo artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2020, de 14 de marzo, e de conformidade co previsto no artigo 20 do Real Decreto Lei 11/2020, de 31 de marzo.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Servizo de atención ás persoas sen fogar (servizo de limpeza)	020	23100	2270001		0,00	4.000,00	4.000,00
Servizo de atención ás persoas sen fogar (servizo de vixilancia e seguridade)	020	23100	2270101		0,00	13.600,00	13.600,00
Servizo de atención ás persoas sen fogar (póliza de seguro)	020	23100	2240001		0,00	200,00	200,00
Servizo de atención ás persoas sen fogar	020	23100	2269901		0,00	169.566,55	169.566,55
Servizo temporal e extraordinario de axuda no fogar durante o estado de alarma	020	23100	2270301	2020 3 COSAF 44	0,00	51.327,60	51.327,60
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2							238.694,15
Programa de adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos para persoas en situación de vulnerabilidade social					0,00	815.850,00	815.850,00
Servizo de comedor aos nenos e nenas beneficiarias das bolsas de comedor	020	23100	4800101		0,00	82.500,00	82.500,00
Subministración de medicamentos a persoas en situación de vulnerabilidade social					0,00	6.000,00	6.000,00
Servizo de bonos datos	080	23100	4800101		0,00	2.710,40	2.710,40
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4							907.060,40
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-03							1.145.754,55

B) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.145.754,55 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE

1.- Total crédito extraordinario.....	1.145.754,55 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	1.145.754,55 €

SEGUNDO: someter esta resolución á convalidación polo Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO: a falta de convalidación polo Pleno da Corporación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 20 do Real Decreto Lei 11/2020, de 31 de marzo, non terá efectos anulatorios nin suspenderá a súa eficacia.

CUARTO: o acordo plenario de convalidación será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e o anuncio deberá conter o resumo por capítulos do orzamento xeral resultante da modificación aprobada, computándose desde a data da súa publicación o prazo para a súa impugnación.”

2. PROPOSTA DE CONVALIDACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN

De conformidade co informe emitido pola Vicesecretaría Xeral de 23 de abril do 2020,:

“As modificacións do Orzamento necesarias para financiar os gastos indicados no apartado anterior destas conclusións tramitaranse de acordo co procedemento excepcional regulado no art. 20.2 do RD- Lei 11/2020, do 31 de marzo, que se substancia nos seguintes trámites:

Aprobación das modificacións orzamentarias por resolución do Alcalde. Esta resolución será eficaz e, en consecuencia, producirá efectos desde que se dite.

Sometemento da resolución da Alcaldía antes referida a convalidación polo Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

O acordo plenario de convalidación require para a súa válida adopción do voto favorable da maioría simple dos corporativos.

Publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo plenario de convalidación da resolución do Alcalde. O prazo para a impugnación da resolución da Alcaldía computarase desde esa publicación”

En consecuencia e á vista do exposto propono que se someta o DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2020-CREXT-03 DE IMPORTE 1.145.754,55 EUROS, FINANCIADO CO REMANENTE



LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019, COA FINALIDADE DE ATENDER GASTO SOCIAL AO AMPARO DO RÉXIME EXCEPCIONAL HABILITADO POLO ARTIGO 3 DO REAL DECRETO LEI 8/2020, DE 14 DE MARZO, E DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NO REAL DECRETO LEI 11/2020, DE 31 DE MARZO, á consideración do Pleno da Corporación Municipal, aos efectos da súa convalidación e, se procede, posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia nos termos expostos no citado informe da Vicesecretaría Xeral do 23 de abril do 2020.”

Á vista da proposta transcrita, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación tras votación nominal e por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, acorda convalidar o decreto de aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-03 de importe 1.145.754,55 euros, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019, coa finalidade de atender gasto social ao amparo do réxime excepcional habilitado polo artigo 3 do real decreto lei 8/2020, de 14 de marzo, e de conformidade co previsto no real decreto lei 11/2020, de 31 de marzo.

O señor alcalde pecha a sesión cando son as 18:28 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández